

XORNADA

Lois Tobío

Galeguista, tradutor e xornalista

Teatro Pastor Díaz

Viveiro

Sábado, 26 de maio de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Lois Tobío (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) foi un intelectual que desenvolveu ao longo da súa vida as facetas de diplomático, investigador, profesor, xornalista e tradutor. Foi un dos promotores do Seminario de Estudos Galegos cando era un estudante de Dereito en Santiago de Compostela. Estudou Ciencias Políticas no Berlín de entreguerras. Foi un dos redactores do anteproxecto do primeiro Estatuto de autonomía en 1931 e elaborou, con Castelao, a declaración programática do Partido Galeguista. Está considerado un pilar fundamental na construción política e xurídica do nacionalismo galego.

A Guerra Civil sorprendeuno en Bulgaria, como secretario de embaixada. Volveu a España, onde foi secretario xeral do Ministerio de Estado, e en 1939 comezou en Nova York un desterro que continuaría en México, Cuba, Uruguai e Arxentina. Foi un dos promotores e asesores do Consello de Galiza (1945), goberno autonómico no exilio, do que Castelao foi o seu primeiro presidente. A Tobío débémolle igualmente un esforzo inxente na elaboración da primeira *Historia de Galicia*, dirixida por Otero Pedrayo, quen nunca ocultou a excelencia do traballo de Tobío para facela posible; ou a súa enorme implicación no Primeiro Congreso da Emigración Galega (1956), desempeñando un papel determinante. Regresou a España en 1963, pero non puido reincorporarse á carreira diplomática ata 1974, dous anos antes de xubilarse.

Durante o seu exilio, escribiu sobre política internacional e sobre cultura galega. Desde a súa volta, centrouse, entre outras investigacións, no estudo da figura do conde de Gondomar, embaixador de Felipe II na corte de Inglaterra, sobre o que publicou varios ensaios. Tamén traduciu ao galego numerosas obras de románticos franceses e alemáns, entre elas *Fausto*, de Goethe, e os *Sonetos a Orfeo*, de Rilke.

PROGRAMA

10:00 horas

Inauguración

Ramón Villares, Presidente do Consello da Cultura Galega

María Loureiro García, Alcaldesa de Viveiro

Constanza Tobío Soler, filla de Lois Tobío

Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro

10:15 horas

TOBÍO E O GALEGUISMO

Modera: **Marga Romero**

Emilio Xosé Ínsua, profesor e ensaísta

Carlos Méixome, profesor de Ensino

Secundario

11:15 horas

Pausa

11:30 horas

TOBÍO E A TRADUCCIÓN

Modera: **Xulio Ríos**, coordinador da

Comisión de Acción Exterior do CCG

Marga Romero, profesora no IES San Paio de Tui e escritora

Montserrat Bascoy Lamelas, profesora na Universidade de Alcalá de Henares

12:30 horas

TOBÍO E O XORNALISMO

Modera: **Montserrat Bascoy**

Xan Carballa, xornalista e editor

Manuel Lombao, xornalista, ex-director da TVE en Galicia e dos Centros Territoriais de TVE

13:30 horas

Clausura

Ramón Villares, presidente do CCG

ORGANIZA

Comisión de Acción Exterior (CCG)

COLABORA

Concello de Viveiro

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

COORDINA

Xulio Ríos

LUGAR

Teatro Pastor Díaz

Rúa Constanza de Castro, 19

Viveiro

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

